

Resolución do 15 de decembro de 2011, do tribunal designado para xular o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola orde do 21 de xullo de 2011 (DOG núm. 142, de 26 de xullo), pola que se fan públicos diversos acordos

Nas sesións que tiveron lugar nas datas do 14 e 15 de decembro de 2011, o tribunal nomeado pola Orde do 11 de outubro de 2011 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO: En canto ao sistema de promoción interna

Un: anular as preguntas 34, 94 e 95 do primeiro exercicio do proceso selectivo, pasando a ser substituídas polas preguntas de reserva 101,102 e 103.
Modificar a resposta da pregunta número 6, pasando a ser a resposta correcta a C).

Dous: Desestimar o resto das solicitudes presentadas.

Tres: De conformidade co disposto na base III.13 da Orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Catro: Indicar que, de conformidade coa base II.1.1.1 da Orde da convocatoria superaron o primeiro exercicio do proceso selectivo pola quenda de promoción interna aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación superior a 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en cincuenta (50) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas nesta mesma base.


SEGUNDO: En canto ao sistema de acceso libre:

Un: anular as preguntas 44, 94 e 95 do primeiro exercicio do proceso selectivo, pasando a ser substituídas polas preguntas de reserva 101,102 e 103.
Modificar a resposta da pregunta número 20, pasando a ser a resposta correcta a C).

Dous: Desestimar o resto das solicitudes presentadas.

Tres: De conformidade co disposto na base III.13 da Orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Catro: Indicar que, de conformidade coa base II.1.1.1 da Orde da convocatoria superaron o primeiro exercicio do proceso selectivo polo sistema de acceso libre aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación superior a 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en cincuenta (50) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas nesta mesma base.



TERCEIRO: Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes, no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do servizo de información e atención ao cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

CUARTO: De conformidade co disposto na base II.1.2.8 da Orde pola que se convoca o proceso selectivo, os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles para efectuar as alegacións que consideren oportunas.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2011

O presidente do tribunal

Jaime Barros
Jaime Barros Leboreiro

